



# DELEGACIÓN DIOCESANA de PASTORAL da SAÚDE

Delegado: D. Jesús Martínez Carracedo

## Curso 2011-12

O Tema central para o ano 2012 da Delegación Nacional de Pastoral da Saúde é: *“A Dimensión sanante da fe”*.

E o da nosa Diocese: *“Revalorizar a Palabra de Deus como corazón da vida e misión da Igrexa e fonte de renovación constante”*.

Polo que poderíamos formular así o obxectivo xeral da Delegación de Pastoral da Saúde:

### Obxectivo xeral

- *“Descubrir, vivir e celebrar a dimensión sanante da fe, especialmente aquela que está presente e xurde da Sagrada Escritura”*.

E coma obxetivos específicos teríamos os seguintes:

### DIMENSIÓN KERIGMÁTICA (ANUNCIO)

### Obxetivos

- *Profundizar na dimensión sanante da fe, do encontro coa Palabra, do seguimento de Cristo e da vivencia comunitaria.*
- *Formar ós sacerdotes e axentes de pastoral sobre un acompañamento sanante humana e espiritualmente, especialmente no intre delicado da fin da vida.*
- *Tratar de que se creen novos grupos parroquiais de atención ós enfermos e á súa familia, ou que entre xente xoven nos grupos xa formados.*

### Accións

- Difundir amplamente os materiais que confecciona a Conferencia episcopal sobre o tema e reflexionalos ó longo do ano dentro dos equipos.
- Adicar a xornada do sábado 11 de febreiro de 2012 a esta temática.
- Realizar en outubro (días 28 e 29) un curso para sacerdotes, axentes de pastoral e todo aquel que esté interesado, sobre *“Coidados paliativos, acompañamento espiritual e duelo”*. Especialmente cando a nivel político e social se está a plantexar unha lei sobre *‘fin da vida’*.

## Responsables

O Equipo diocesano de Pastoral da Saúde.

### DIMENSIÓN LITÚRXICA

## Obxectivo

- *Coidar que as celebracións que vivimos durante o ano (en especial o 11 de febreiro e VI domingo de Pascua) sexan verdadeiramente sanantes para quen participe nelas e se destaque esta dimensión na Mesa da Palabra.*

## Accións

- Celebrar a Xornada Mundial do Enfermo (11 de febreiro) cunha celebración a nivel diocesano, que coide estes aspectos.
- Centrar a Campaña do Día do Enfermo (13 de maio de 2012) tamén nesta liña, e presentando o rostro sanante da Igrexa e dos enfermos en cada parroquia que se celebre.
- Dar responsabilidades, dentro das súas posibilidades, ós enfermos nas celebracións e oracións que o longo do ano temos nas nosas parroquias.

## Responsables

A Delegación e os párrocos, xunto cos equipos de pastoral sanitaria e de litúrxia das parroquias.

### DIMENSIÓN CARITATIVA

## Obxectivo

- *Facer que o noso servizo ós enfermos manifeste nos feitos e nas palabras a presenza sanadora de Xesús, tanto no ámbito parroquial coma no hospitalario.*

## Accións

- Reunir bimensualmente ós responsables dos grupos parroquiais e hospitalarios para formalos e coordinalos nestes pasos.
- Ter tres encontros cos membros dos servizos relixiosos hospitalarios os días 19 de outubro de 2011, 18 de xaneiro e 18 de abril de 2012. Estas reunións terán como obxectivo preferente preparar o Congreso Nacional sobre Atención Hospitalaria a realizar en abril-maio de 2012 en Madrid. Os sub-obxectivos destes encontros serán:
  - Preparar persoalmente e en grupo o material que envíen da Delegación Nacional para renovar os SARHs con vistas ó futuro.
  - Participar activamente no Congreso Nacional sobre SARHs.
  - Organizarse para ir a Madrid e deixar atendidos os hospitais.

# Responsables

Equipo diocesano, capeláns e persoas idóneas.

## DIMENSIÓN DA COMUÑÓN

### Obxectivo

- *Facer que o encontro fraterno dos que vivimos a Pastoral da Saúde, e o encontro coas familias e os enfermos, sexa nun ambiente sanante, do cal todos saiamos/saian reconfortados.*

### Accións

- Usar a tarde do sábado 11 de febreiro para convivir xuntos voluntarios, familias e enfermos.

# Responsables

Equipo diocesano.

## Datas importantes

- 28-set-2011: Reunión diocesana de inicio de curso, nas Siervas de Jesús (5,00).
- 19-out-2011: Reunións dos membros dos Servicios Relixiosos Hospitalarios en S. Xosé Obreiro (13,00).
- 28/29-out-2011: II Curso para sacerdotes e axentes de pastoral sobre “*Espiritualidade no final da vida. Necesidades e recursos de axuda e acompañamento*”. Dirixen: Centro de Humanización da Saúde de Madrid (Irmáns de S. Camilo). No Seminario Maior de Vigo.
- 14-dec-2011: Reunión diocesana con Eucaristía.
- 18-xan-2012: Reunión dos Servicios Relixiosos Hospitalarios, en S. Xosé Obreiro (13,00).
- **30-xan-2012: Xornada de Formación dos SARHs (Servicios de Asistencia Relixiosa Hospitalaria) de Galicia, na casa de Exercicios de Santiago (10,00).**
- 1-feb-2012: Reunión diocesana. Preparación da Xornada Mundial (11-febreiro).
- 11-feb-2012: Xornada Mundial do enfermo.
- 11-feb-2012: Xornada diocesana sobre o tema “*A dimensión sanante da fe*”. Na parroquia do Sagrado Corazón (r/ Rosalía de Castro), ás 10,00 h.
- 29-mar-2012 (xoves): Reunión diocesana.
- **13-14 (¿?) Abril 2012: XXXIV Cursiño Rexional de Galicia.**
- 18-abr-2012: Reunión dos Servicios Relixiosos Hospitalarios, en S. Xosé Obreiro (13,00).
- **13-mai-2012: VI Domingo de Pascoa. Día do Enfermo.** Misa pola TVG dende Santiago.
- **9-xuñ-2012: Asemblea final de curso, en Santiago (10,00)**
- 13-xuñ-2012: Reunión diocesana de fin de curso.